

Disposición transitoria primeira. *Elaboración e homologación dos novos plans de estudos.*

1. No prazo máximo de tres anos a partir da aprobación do real decreto de establecemento dun título de grao, as universidades que veñan impartindo ensinanzas conducentes aos títulos oficiais suprimidos do catálogo en aplicación do artigo 9.6 deste real decreto remitirán para a súa homologación ao Consello de Coordinación Universitaria o plan de estudos asociado ao novo título oficial.

2. En caso de incumprimento do establecido no punto anterior, o Consello de Coordinación Universitaria elevará un informe ao Ministerio de Educación e Ciencia para a revogación da homologación do título ou títulos suprimidos ou do acordo de homologación do plan de estudos conducente á obtención dalgún destes.

3. A partir do 1 de marzo de 2005, o Consello de Coordinación Universitaria, sen prexuízo de continuar a tramitación dos expedientes que con anterioridade tivesen entrada nel, non homologará plans de estudos conducentes á obtención de novas titulacións, nin o Goberno homologará os títulos oficiais universitarios correspondentes, que non se axusten ao disposto neste real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Criterios xerais de validación e adaptación de estudos.*

Mentres o Consello de Coordinación Universitaria non regule, en función do previsto no artigo 36 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, os criterios xerais a que haberán de axustarse as universidades en materia de validación e adaptación de estudos cursados en centros académicos españois e estranxeiros, seguirán sendo de aplicación os citados no punto un do anexo 1 do Real decreto 1497/1987, do 27 de novembro, polo que se establecen directrices xerais comúns dos plans de estudos dos títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

Disposición transitoria terceira. *Títulos universitarios oficiais en vigor.*

Este real decreto e os reais decretos polos que se establecen novos títulos universitarios de grao que aprobe o Goberno non afectarán os efectos académicos ou profesionais dos títulos actualmente vixentes.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Queda derogado o Real decreto 1496/1987, do 6 de novembro, sobre obtención, expedición e homologación de títulos universitarios, sen prexuízo da súa aplicación ás ensinanzas anteriores, ata a súa definitiva extinción de acordo co previsto neste real decreto.

2. Queda derogado o Real decreto 1497/1987, do 27 de novembro, polo que se establecen directrices xerais comúns dos plans de estudos dos títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 49/2004, do 19 de xaneiro, sobre homologación de plans de estudos e títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.*

O artigo 6 do Real decreto 49/2004, do 19 de xaneiro, sobre homologación de plans de estudos e títulos de

carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, queda redactado como segue:

«Artigo 6. *Homologación no suposto de modificación do plan de estudos.*

1. A modificación dun plan de estudos que afecte un número superior ao 10 por cento dos créditos relativos aos contidos formativos comúns, ou das materias troncais dos actuais plans, incluídos nas directrices xerais propias, implicará a extinción do plan de estudos en vigor e, en consecuencia, considerarase como novo plan de estudos que deberá ser sometido ao procedemento de homologación previsto nos artigos 4 e 5.

2. Se a modificación afecta un número igual ou inferior ao 10 por cento dos créditos a que se refire o punto anterior, ou soamente afecta a contidos establecidos discrecionalmente pola universidade, deberá ser comunicada ao Consello de Coordinación Universitaria, con carácter previo á súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», para os efectos de que a Secretaría Xeral do citado Consello proceda á comprobación da súa correspondencia coas directrices xerais comúns e propias do correspondente título. A Secretaría Xeral do Consello comunicará as ditas modificacións á respectiva comunidade autónoma, así como ao órgano competente do Ministerio de Educación e Ciencia.

3. As modificacións dos plans de estudos deberán incluír as necesarias previsións sobre os mecanismos de recoñecemento de créditos para os estudantes que viñesen cursando o plan anterior.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.30.a da Constitución española e en uso da autorización outorgada ao Goberno polo artigo 88.2 e a disposición derradeira terceira da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e é de aplicación en todo o territorio nacional.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento regulamentario.*

Correspóndelles ao ministro de Educación e Ciencia e ás universidades ditaren, no ámbito das súas respectivas competencias, as disposicións necesarias para a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de xaneiro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación e Ciencia,
MARÍA JESÚS SAN SEGUNDO GÓMEZ DE CADIÑANOS

1256 REAL DECRETO 56/2005, do 21 de xaneiro, polo que se regulan os estudos universitarios oficiais de posgrao. («BOE» 21, do 25-1-2005.)

A contribución do sistema universitario español á conformación dos Espazos Europeos de Educación Superior e de Investigación e a súa plena integración neles

constitúe un dos principais elementos, na sociedade do coñecemento, para a consecución do obxectivo trazado nos cumios de Lisboa e Barcelona para lograr que os sistemas educativos europeos se convertan nunha referencia de calidade mundial para o ano 2010.

Tal integración comporta unha profunda transformación de todos os aspectos tocantes á estrutura universitaria española, ao mesmo tempo que supón un fito de importancia histórica tanto na súa propia xénese como na súa concepción metodolóxica e nos seus obxectivos, que transcende os propósitos inspiradores en cada momento das sucesivas reformas realizadas no sistema universitario español ao longo do tempo e ofrece unha oportunidade de renovación.

Iniciada xa tan esencial reforma mediante a promulgación do Real decreto 55/2005, do 21 de xaneiro, polo que se establece a estrutura das ensinanzas universitarias e se regulan os estudos universitarios de grao, debe tamén acometerse a regulación dos estudos de posgrao, comprensivos das ensinanzas de segundo e terceiro ciclos, conducentes á obtención dos correspondentes títulos oficiais de mestrado e doutor.

A comunicación da Conferencia de Berlín, celebrada polos ministros europeos responsables da educación superior o día 19 de setembro de 2003, veu reafirmar a importancia de todo este proceso converxente. Nel destaca a importancia dos estudos europeos de posgrao como un dos principais elementos para reforzar o atractivo da educación superior europea no contexto internacional.

Este real decreto ten como obxecto ofrecer o marco xurídico que lles faga posible ás universidades españolas estruturaren, con flexibilidade e autonomía, as súas ensinanzas de posgrao de carácter oficial, para lograr harmonizalas coas que se establezan no ámbito non só europeo, senón mundial. Introdúcese, en consecuencia, no sistema universitario español, xunto ao título de doutor, de longa tradición na nosa estrutura educativa, o título oficial de mestrado e regúlanse os estudos conducentes á obtención de ambos.

A diversidade das universidades españolas e, dentro delas, dos distintos ámbitos de coñecemento aconsellan dotar os estudos de posgrao da maior flexibilidade para que, no ámbito da súa autonomía, as universidades definan e desenvolvan nas súas estratexias e a organización da formación especializada e investigadora. Por iso, a responsabilidade de organizar estes programas correspóndelles ás universidades, que determinarán tanto a composición e normas de funcionamento da comisión de estudos de posgrao como os centros universitarios encargados do seu desenvolvemento.

Establécense, así mesmo, os procedementos que garanten que a oferta destas ensinanzas e títulos oficiais responda a criterios de calidade e a unha adecuada planificación que atenda os requirimentos científicos e profesionais da sociedade.

Esta nova regulación dos estudos de posgrao, ao non impor directrices xerais propias sobre os contidos formativos das súas ensinanzas, promove a súa flexibilidade e posibilidade de adecuación aos cambios que sexan necesarios, isto sen prexuízo do establecemento, neste real decreto, das correspondentes directrices xerais comúns que garantan os requisitos mínimos que han cumprir na súa estrutura e organización académica. Con isto, favorécese a colaboración entre departamentos dunha mesma universidade e entre universidades, españolas e estranxeiras, para que poidan organizar conxuntamente programas de posgrao conducentes á obtención dun mesmo título ou dunha múltiple titulación oficial de mestrado ou de doutor.

Toda esta nova concepción que subxace no conxunto normativo formado por este e o anteriormente citado Real decreto 55/2005, do 21 de xaneiro, supón o afonda-

mento na autonomía universitaria, o que tamén implica un reto para a universidade española que cobra unha notable importancia non só como motor principal do establecemento dos novos plans de estudos, senón como responsable da organización dos programas de posgrao, en que só de forma excepcional o Goberno establecerá directrices xerais propias.

Este real decreto responde á reserva competencial a favor do Estado contida no artigo 149.1.30.^a da Constitución española, e dítase en uso da autorización outorgada ao Goberno polo artigo 88.2 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e para a súa elaboración emitiu informe o Consello de Coordinación Universitaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación e Ciencia, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de xaneiro de 2005,

DISP O Ñ O :

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular os aspectos básicos da ordenación dos estudos oficiais de posgrao, comprensivo do segundo e terceiro ciclos do sistema español de educación universitaria, en consonancia coas liñas xerais emanadas do Espazo Europeo de Educación Superior e de conformidade co previsto no artigo 88.2 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Artigo 2. *Programas oficiais de posgrao.*

Os estudos oficiais de posgrao teñen como finalidade a especialización do estudante na súa formación académica, profesional ou investigadora e artículanse en programas integrados polas ensinanzas conducentes á obtención dos títulos de mestrado ou doutor.

Artigo 3. *Acceso aos estudos oficiais de posgrao.*

1. Sen prexuízo das condicións específicas contidas no artigo 10.3 respecto do doutoramento, para o acceso aos estudos oficiais de posgrao será necesario estar en posesión do título de grao ou outro expresamente declarado equivalente. Excepcionalmente, e logo de solicitude individual e razoada do interesado, as universidades, mediante resolución reitoral, logo de informe vinculante do Consello de Dirección, poderán admitir aqueles estudantes que, sen estaren en posesión do correspondente título, acrediten ter superado polo menos 180 créditos correspondentes ás ensinanzas de primeiro ciclo, sempre e cando entre estes estea comprendida a totalidade dos contidos formativos comúns dun título de grao.

2. Os estudantes que estean en posesión dun título de educación superior estranxeiro e pretendan cursar en España estudos de posgrao poderán acceder a estes logo de homologación daquel ao título español, que habilite para o devandito acceso, de conformidade co procedemento previsto na normativa vixente ao respecto.

Malia o anterior, as universidades poderán admitir titulados conforme sistemas educativos estranxeiros sen necesidade da homologación dos seus títulos, logo de comprobación de que aqueles acreditan un nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos españois de grao e que facultan no país expedidor do título para o

acceso a estudos de posgrao. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título estranxeiro de que estea en posesión o interesado, nin o seu recoñecemento para outros efectos que o de cursar os estudos de posgrao. Unha vez superadas as ensinanzas de posgrao correspondentes, os títulos de mestrado ou de doutor obtidos terán plena validez oficial.

3. Os estudantes poderán acceder a calquera programa oficial de posgrao relacionado ou non cientificamente co seu currículo universitario, e en calquera universidade, logo da admisión efectuada polo órgano responsable do indicado programa, conforme os requisitos de admisión específicos e criterios de valoración de méritos que, de ser o caso, estableza a universidade.

Artigo 4. *Elaboración de programas de posgrao.*

1. Os programas de posgrao elaboraranse e organizaranse na forma que estableza cada universidade, de acordo cos criterios e requisitos académicos que se conteñen neste real decreto.

2. Para tal fin, os citados programas serán propostos, por iniciativa do órgano responsable do seu desenvolvemento, por unha comisión de estudos de posgrao designada pola universidade. Estes programas deberán ser aprobados polo Consello de Goberno da universidade.

3. Nunha mesma universidade non poderán aprobarse dous ou máis programas oficiais de posgrao cuxos obxectivos e contidos coincidan substancialmente.

Artigo 5. *Aprobación de programas de posgrao.*

1. A implantación dos programas oficiais de posgrao requirirá os informes previos favorables da comunidade autónoma correspondente e do Consello de Coordinación Universitaria.

2. Co fin de emitir o citado informe, antes do 15 de febreiro de cada ano, as universidades enviarán ao Consello de Coordinación Universitaria a relación dos programas de posgrao de nova implantación para o curso académico seguinte.

3. Unha vez emitido o informe favorable do citado órgano consultivo, o ministro de Educación e Ciencia aprobará a relación dos programas de posgrao de nova implantación cuxas ensinanzas teñan carácter oficial e conduzan á obtención do título correspondente. Esta relación será publicada no «Boletín Oficial del Estado».

Artigo 6. *Avaliación dos programas de posgrao.*

1. Una vez implantados, os programas oficiais de posgrao conducentes á obtención dos títulos de mestrado o doutor serán avaliados pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, en colaboración coas comunidades autónomas e as propias universidades.

2. O Ministerio de Educación e Ciencia, logo do informe do Consello de Coordinación Universitaria, publicará os criterios, indicadores e estándares de calidade requiridos para a acreditación dos respectivos estudos.

3. O informe de avaliación sobre a calidade das devanditas ensinanzas será remitido á universidade, ao órgano competente da correspondente comunidade autónoma, ao Consello de Coordinación Universitaria e ao Ministerio de Educación e Ciencia, que actuará segundo o disposto na normativa vixente.

Artigo 7. *Programas interdepartamentais e interuniversitarios.*

1. Os programas oficiais de posgrao interdepartamentais organizaranse de acordo cos requisitos xerais que establece este real decreto e co procedemento que establezan as universidades.

2. Os programas oficiais de posgrao conxuntos que, de ser o caso, establezan as universidades deberanse axustar aos requisitos e criterios contidos neste real decreto.

3. O convenio que para tal efecto se subscriba especificará cal das universidades participantes no programa de posgrao será responsable da tramitación dos expedientes dos estudantes, así como da expedición e rexistro dun único título conxunto oficial de posgrao, ou ben se cada universidade expedirá o título correspondente, con suxeición aos requisitos establecidos na orde do Ministerio de Educación e Ciencia a que se refire o artigo 3.1 do Real decreto 55/2005, do 21 de xaneiro, polo que se establece a estrutura das ensinanzas universitarias e se regulan os estudos universitarios oficiais de grao.

4. As universidades poderán celebrar convenios con universidades estranxeiras para o desenvolvemento de programas oficiais de posgrao conxuntos. A elaboración, requisitos e aprobación do programa deberá axustarse ao establecido neste real decreto. O Ministerio de Educación e Ciencia regulará as particularidades que resulten de aplicación a este suposto.

CAPÍTULO II

Regulación dos estudos universitarios de segundo ciclo conducentes á obtención do título de mestrado

Artigo 8. *Estrutura.*

1. Os estudos universitarios de segundo ciclo conducentes á obtención do título oficial de mestrado terán unha extensión mínima de 60 créditos e máxima de 120, e estarán dedicados á formación avanzada, de carácter especializado ou multidisciplinar, dirixida a unha especialización académica ou profesional ou ben a promover a iniciación en tarefas investigadoras.

2. Os estudos oficiais de mestrado poderán incorporar especialidades na programación das súas ensinanzas que se correspondan co seu ámbito científico, humanístico, tecnolóxico ou profesional.

3. O Goberno poderá establecer directrices xerais propias e requisitos especiais de acceso nos estudos conducentes ao título oficial de mestrado, naqueles casos en que, segundo a normativa vixente, este título habilite para o acceso a actividades profesionais reguladas.

Artigo 9. *Organización.*

1. A universidade, por proposta do órgano responsable do desenvolvemento de cada programa, asignará un número determinado de créditos a cada unha das materias e actividades formativas do programa.

2. O órgano responsable do desenvolvemento do programa fixará o número mínimo de créditos, así como as materias do programa que debe cursar cada estudante, en función da formación previa acreditada por este. En todo caso, para a obtención do título de mestrado será preciso cursar, dentro do programa, un mínimo de 60 créditos.

3. A universidade, por proposta do órgano responsable do desenvolvemento do programa, poderá autorizar a colaboración de profesionais ou investigadores que non sexan profesores universitarios, baixo a supervisión dun ou varios dos profesores do programa. Así mesmo,

poderá establecer acordos de colaboración con outras institucións ou organismos públicos e privados, así como con empresas ou industrias. Todas estas colaboracións deberán contar coa autorización previa da universidade, por proposta do órgano responsable do desenvolvemento do programa.

CAPÍTULO III

Regulación dos estudos oficiais de doutoramento

Artigo 10. *Organización e admisión.*

1. O terceiro ciclo dos estudos universitarios terá como finalidade a formación avanzada do doutorando nas técnicas de investigación. Tal formación poderase articular mediante a organización de cursos, seminarios ou outras actividades dirixidas á formación investigadora e incluírá a elaboración e presentación da correspondente tese de doutoramento, consistente nun traballo orixinal de investigación. A superación do ciclo dará dereito á obtención do título de doutor, que representa o nivel máis elevado na educación superior, acredita o máis alto rango académico e faculta para a docencia e a investigación, de acordo coa lexislación vixente.

2. As universidades, nos seus programas oficiais de posgrao, establecerán as liñas de investigación de cada un deles, a relación de profesores e investigadores encargados da dirección de teses de doutoramento, o número máximo de estudantes, os criterios de admisión e selección e, de ser o caso, a programación e os requisitos de formación metodolóxica ou científica.

3. O estudante, unha vez obtido un mínimo de 60 créditos en programas oficiais de posgrao ou cando estea en posesión do título oficial de mestrado, poderá solicitar a súa admisión no doutoramento, sempre que complete un mínimo de 300 créditos no conxunto dos seus estudos universitarios de grao e posgrao.

4. A admisión dos estudantes no doutoramento levarase a cabo de acordo co procedemento e os criterios de selección establecidos pola universidade.

5. Unha vez admitido, o estudante formalizará a súa matrícula como estudante de doutoramento. Esta inscrición outorgaralle o dereito á tutela académica, á utilización dos recursos necesarios para o desenvolvemento do seu traballo e a todos os dereitos de participación correspondentes aos estudantes de programas oficiais de posgrao.

Artigo 11. *Elaboración e autorización de defensa da tese de doutoramento.*

1. Para a elaboración da tese de doutoramento, o órgano responsable do programa de posgrao asignaralle ao doutorando un director de tese, que será un doutor con experiencia investigadora acreditada. A tese poderá ser codirixida por outro ou outros doutores.

2. A tese de doutoramento deberá consistir nun traballo orixinal de investigación relacionado cos campos científico, técnico, humanístico ou artístico do programa de posgrao. A universidade establecerá os procedementos para garantir, con anterioridade á súa presentación formal, a calidade das teses de doutoramento.

3. Unha vez finalizada a realización da tese de doutoramento, o doutorando, logo do informe favorable do director da tese, efectuará o seu depósito nas condicións que determine a universidade.

4. Os doutores poderanlle remitir as observacións que estimen oportunas sobre o contido da tese á comisión que estableceza a universidade. Así mesmo, o órgano responsable do programa de posgrao remitiralle a tese de doutoramento, xunto con toda a documentación que o

proceso de avaliación da tese xerarse, á comisión para a súa tramitación. A documentación anterior irá acompañada dunha proposta de expertos na materia que poidan formar parte do tribunal encargado de xulgalá.

5. A comisión, á vista da documentación recibida, procederá á autorización ou non da defensa da tese. Nos supostos de non-autorización da defensa da tese, a comisión deberalles comunicar por escrito ao doutorando, ao director da tese e ao órgano responsable do programa de posgrao, as razóns da súa decisión.

Artigo 12. *Tribunal de avaliación da tese.*

1. Autorizada a defensa da tese de doutoramento, a comisión nomeará un tribunal composto por cinco membros titulares e dous suplentes, todos co grao de doutor e con experiencia investigadora acreditada.

2. Deste tribunal non poderán formar parte máis de dous membros do mesmo órgano responsable do programa oficial de posgrao, nin máis de tres membros da mesma universidade. O director da tese non poderá formar parte do tribunal, salvo casos de teses presentadas no marco de acordos bilaterais de cotutela con universidades estranxeiras que así o teñan previsto.

3. A comisión designará, entre os membros do tribunal, un presidente e un secretario. A universidade determinará os requisitos necesarios para poder ser designado presidente dun tribunal. En caso de renuncia por causa xustificada dun membro titular do tribunal, o presidente procederá a substituílo polo suplente correspondente.

4. O órgano responsable do programa de posgrao remitiralles aos membros do tribunal un exemplar da tese de doutoramento.

Artigo 13. *Defensa e avaliación da tese de doutoramento.*

1. O acto de defensa da tese será convocado polo presidente e comunicado polo secretario á comisión cunha antelación mínima de 15 días naturais ao da súa celebración. Terá lugar en sesión pública e consistirá na exposición polo doutorando do labor realizado, a metodoloxía, o contido e as conclusións, cunha especial mención ás súas achegas orixinais.

2. Os membros do tribunal formularanlle ao doutorando cantas cuestións coiden oportunas. Os doutores presentes no acto público poderán formular cuestións no momento e forma que sinale o presidente do tribunal.

3. Finalizada a defensa e discusión da tese, cada membro do tribunal formulará por escrito unha valoración sobre ela.

4. O tribunal emitirá a cualificación global que finalmente lle concede á tese de acordo coa seguinte escala: non apto, aprobado, notable e sobresaliente.

O tribunal poderá outorgar a mención de «cum laude» se a cualificación global é de sobresaliente e emiten, en tal sentido, o voto favorable, polo menos, catro dos seus membros.

5. O ministro de Educación e Ciencia e as universidades poderán establecer normas para outorgar mencións honoríficas ou premios ás teses de doutoramento que o merezan polo seu alto nivel de calidade, os cales poderán ser reflectidos no correspondente certificado académico.

6. Unha vez aprobada a tese doutoramento, a universidade ocuparase do seu arquivo e remitiralles ao Ministerio de Educación e Ciencia e ao Consello de Coordinación Universitaria a correspondente ficha de tese que se estableceza regulamentariamente.

Artigo 14. *Mención europea no título de doutor.*

1. Poderase incluír no anverso do título de doutor a mención «Doctor europeus», sempre que concorran as seguintes circunstancias:

a) Que durante a súa etapa de formación no programa oficial de posgrao, o doutorando realizase unha estancia mínima de tres meses fóra de España nunha institución de ensinanza superior doutro Estado europeo cursando estudos ou realizando traballos de investigación que lle fosen recoñecidos polo órgano responsable do mencionado programa.

b) Que parte da tese de doutoramento, polo menos o resumo e as conclusións, se redactase e presentase nunha das linguas oficiais da Unión Europea distinta a algunha das linguas oficiais en España.

c) Que a tese fose sometida a informe dun mínimo de dous expertos pertencentes a algunha institución de educación superior ou instituto de investigación dun Estado membro da Unión Europea distinto de España.

d) Que, polo menos, un experto pertencente a algunha institución de educación superior ou instituto de investigación dun Estado membro da Unión Europea distinto de España, co grao de doutor, e distinto dos mencionados no parágrafo anterior, formase parte do tribunal avaliador da tese.

2. A defensa da tese ha de ser efectuada na propia universidade española na que o doutorando estivese inscrito.

Disposición adicional primeira. Aplicación do Real decreto 55/2005, do 21 de xaneiro, polo que se establece a estrutura das ensinanzas universitarias e se regulan os estudos universitarios oficiais de grao.

Son de aplicación aos estudos universitarios oficiais de posgrao as disposicións contidas nos capítulos I e II do Real decreto 55/2005, do 21 de xaneiro, polo que se establece a estrutura das ensinanzas universitarias e se regulan os estudos universitarios oficiais de grao.

Disposición adicional segunda. Recoñecemento das actividades docentes e investigadoras.

No conxunto das actividades docentes e investigadoras individuais dos profesores universitarios, a docencia, a dirección de programas oficiais de posgrao e a dirección de tese de doutoramento terán o mesmo tipo de recoñecemento académico ca o outorgado ás actividades desenvolvidas nos estudos de grao.

Disposición adicional terceira. Desenvolvemento temporal da implantación.

O desenvolvemento temporal da implantación dos novos plans de estudos farase en función das disponibilidades económicas das institucións responsables do ensino universitario.

Disposición adicional cuarta. Universidades privadas.

Este real decreto é de aplicación ás universidades privadas sen prexuízo do disposto nos artigos 6 e 12 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, en relación coas súas normas de organización e funcionamento.

Disposición adicional quinta. Universidades da Igrexa católica.

Os estudos oficiais de posgrao e a obtención e expedición dos títulos oficiais de mestrado e de doutor previstos neste real decreto axustaranse nas universidades da Igrexa católica ao disposto nos acordos entre o Estado español e a Santa Sé, de conformidade coa disposición adicional cuarta da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

O pleno recoñecemento de efectos civís previsto nos mencionados acordos para os estudos e ensinanzas de posgrao requirirá a aplicación do disposto na normativa vixente sobre avaliación da calidade e acreditación das ensinanzas oficiais.

Disposición adicional sexta. Doutoramento «honoris causa».

As universidades poderán nomear doutor «honoris causa» a aquelas persoas que, en atención aos seus méritos académicos, científicos o persoais, sexan acreedoras de tal consideración.

Disposición adicional sétima. Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

A Universidade Internacional Menéndez Pelayo, de conformidade co disposto na disposición adicional terceira da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, así como no seu Estatuto, aprobado polo Real decreto 331/2002, do 5 de abril, organizará e desenvolverá programas oficiais de posgrao que acreditará cos correspondentes títulos de mestrado e de doutor, ambos de carácter oficial e con validez en todo o territorio nacional, así como outros títulos e diplomas de posgrao que ela expida. Para tal fin, poderá subscribir os convenios de colaboración que correspondan con outras universidades ou institutos universitarios de investigación nacionais ou estranxeiros.

Disposición adicional oitava. Réximes específicos.

1. Os títulos estranxeiros de doutor poderán ser equivalentes para efectos parciais ou totais ao correspondente español, cando así se estableza de modo expreso en acordos ou convenios internacionais de carácter bilateral ou multilateral nos cales o Estado español sexa parte.

2. Os enxeñeiros de armamento e construción e os enxeñeiros de armas navais poderán obter os títulos oficiais de mestrado e de doutor conforme o disposto no Decreto 3058/1964, do 28 de setembro, e normas concordantes. Para estes efectos, deberán cumprir os requisitos xerais sobre estudos de posgrao establecidos neste real decreto que sexan de aplicación, e as condicións específicas que, ao respecto, estableza o Ministerio de Defensa.

Disposición adicional novena. Títulos profesionais en ciencias da saúde.

Non se poderán establecer programas de posgrao que coincidan cos contidos formativos e efectos profesionais dos títulos oficiais de especialista en ciencias da saúde a que se refire a Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias.

Disposición transitoria primeira. *Estudantes que iniciaron os estudos de terceiro ciclo.*

1. Aos estudantes que, na data de entrada en vigor deste real decreto, iniciasen os estudos de doutoramento, aplicaráselles as disposicións reguladoras do doutoramento e de expedición do título de doutor polas que iniciasen os mencionados estudos. En todo caso, o réxime relativo á elaboración, tribunal, defensa e avaliación da tese de doutoramento, previsto nos artigos 11 a 13 deste real decreto, será aplicable aos devanditos estudantes a partir dos seis meses da súa entrada en vigor.

2. Non obstante, os estudantes que cursasen estudos parciais de doutoramento, no marco do disposto polo Real decreto 778/1998, do 30 de abril, ou normas anteriores, poderán acceder aos programas oficiais de posgrao e obter o título de mestrado previsto neste real decreto, sempre que sexan admitidos neles, e poderán solicitarlle á correspondente universidade, para estes efectos, o recoñecemento dos créditos correspondentes a cursos e traballos de iniciación á investigación realizados.

Disposición transitoria segunda. *Implantación dos programas de posgrao.*

Coa implantación progresiva dos programas de posgrao previstos neste real decreto iniciarase a extinción dos programas de doutoramento que estivesen en vigor na universidade de que se trate dentro do mesmo ámbito de coñecemento. En todo caso, os vixentes programas de doutoramento deberán comezar o seu proceso de extinción antes do 1 de outubro de 2007.

Disposición transitoria terceira. *Acceso aos programas de posgrao dos titulados conforme anteriores sistemas de educación universitaria.*

Os posuidores de títulos universitarios oficiais obtidos conforme anteriores sistemas de educación universitaria poderán ser admitidos nos programas oficiais de posgrao previstos por este real decreto, sen prexuízo do que se puidese dispoñer para tal efecto nos correspondentes reais decretos polos que se establezan os títulos universitarios de posgrao a que se refire o artigo 8.3.

Disposición transitoria cuarta. *Títulos oficiais de posgrao obtidos conforme anteriores sistemas de educación universitaria.*

O establecido neste real decreto non afectará os efectos académicos ou profesionais dos títulos oficiais de posgrao obtidos con anterioridade.

Disposición transitoria quinta. *Diploma de estudos superiores en Administración pública.*

Continuará en vigor a Orde do 23 de febreiro de 1984 pola que se recoñecen determinados efectos académicos de posgrao ao diploma de estudos superiores en Administración pública, obtido por funcionarios iberoamericanos no Instituto Nacional de Administración Pública, entremetres non se proceda á súa modificación mediante orde do Ministro de Educación e Ciencia, logo de informe do Ministerio de Administracións Públicas.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 778/1998, do 30 de abril, polo que se regula o terceiro ciclo de estudos universitarios, a obtención e expedición do título de doutor e outros estudos de posgrao, sen prexuízo da súa aplica-

ción aos programas de doutoramento iniciados con anterioridade ata a súa definitiva extinción, de acordo co previsto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.30.^a da Constitución española e en uso da autorización outorgada ao Goberno polo artigo 88.2 e a disposición derradeira terceira da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e é de aplicación en todo o territorio nacional.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Correspóndelles ao ministro de Educación e Ciencia e ás universidades ditaren, no ámbito das súas respectivas competencias, as disposicións que sexan necesarias para a aplicación do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de xaneiro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación e Ciencia,
MARÍA JESÚS SAN SEGUNDO GÓMEZ DE CADIÑANOS

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

1361 *REAL DECRETO 12/2005, do 14 de xaneiro, polo que se modifica o Real decreto 293/2003, do 7 de marzo, relativo á utilización de determinados derivados epoxídicos en materiais e obxectos destinados a entrar en contacto con alimentos. («BOE» 23, do 27-1-2005.)*

Os compostos epoxídicos son recubrimentos plásticos utilizados na fabricación de envases e utensilios para os alimentos, xa sexan de pequenas ou de grandes dimensións. Estes recubrimentos, se están mal formulados ou aplicados, poden ser fonte de contaminación tóxica, por mor da migración das substancias químicas que os compoñen cara aos produtos alimenticios con que entren en contacto. Para un mellor control destas substancias, o Real decreto 293/2003, do 7 de marzo, relativo á utilización de determinados derivados epoxídicos en materiais e obxectos destinados a entrar en contacto con alimentos, que incorpora ao noso ordenamento xurídico a Directiva 2002/16/CE da Comisión, do 20 de febreiro de 2002, dispón que a súa autorización se realice mediante listas positivas, é dicir, que só están autorizadas as substancias especificadas no devandito real decreto, que reciben as nomenclaturas abreviadas de «BADGE», «BFDGE» e «NOGE», cos límites controlados de migración que se determinan.

Así mesmo, neste real decreto establécense determinadas normas aplicables á utilización ou á presenza de 2,